

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ASOCIACIÓN GALEGA DA PROPIEDAD BALNEARIA E A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A RENOVACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL DE HIDROLOXÍA MÉDICA DA USC

Dunha parte, Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela segundo nomeamento efectuado polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo (Diario Oficial de Galicia, núm. 56, do 22 de marzo de 2022), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela.

Doutra parte, Xosé Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, Dona María Soledad Espiño Alende, en nome e representación da Asociación Galega da Propiedade Balnearia, da que é Presidente, actuando en virtude das atribucións que ten conferidas estatutariamente.

MANIFESTAN



Primeiro.- Que a USC é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudo e a investigación.

Segundo o Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento de Cátedras Institucionais da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 7 de febreiro de 2020 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 19 de xuño de 2020, as Cátedras Institucionais son instrumentos específicos de colaboración da USC tanto en empresas como con outras entidades (fundacións, asociacións, centros de investigación, administracións públicas ou calquera outra organización con personalidade xurídica propia) coa finalidade do desenvolvemento e o incremento da oferta de actividades complementarias que contribúan á difusión da cultura, da calidade de vida e ao desenvolvemento sustentable da sociedade.

Segundo.- Que a Axencia de Turismo de Galicia apoia as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a dirección e a planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, e a formación de expertos que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación nesta área, por considerar que o turismo e en concreto o turismo termal é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

Terceiro.- Que a Asociación Galega da Propiedade Balnearia é unha asociación empresarial que ten entre os seus obxectivos a protección e promoción do termalismo.

Cuarto.- Que a cátedra institucional de hidroloxía médica foi creada mediante convenio celebrado o 30 de novembro de 2009 entre a USC e a Asociación Galega da Propiedade Balnearia coa finalidade de fomentar a docencia, a investigación e a difusión dos coñecementos no campo da hidroloxía médica.

Con data 6 de outubro de 2014, a USC e a Axencia de Turismo de Galicia, asinaron un convenio de colaboración plurianual para o desenvolvemento da citada cátedra.



O 25 de novembro de 2014, a USC e a Asociación Galega da Propiedade Balnearia, asinan unha addenda de renovación modificativa do anterior convenio, no que deixan sen efecto a obriga de financiación anual da cátedra por parte da Asociación, asumindo a Axencia de Turismo de Galicia a financiación das actividades da cátedra no período 2014-2015.

O 5 de abril de 2016 asinouse un novo convenio de colaboración plurianual entre a USC e a Axencia de Turismo de Galicia, para o desenvolvemento da cátedra para os anos 2016 e 2017.

Con data 15 de xaneiro de 2018 asinouse o convenio de colaboración entre a USC e a Axencia de Turismo de Galicia para o desenvolvemento da cátedra institucional de hidroloxía médica da USC, que remata a súa vixencia o 31 de decembro de 2021.

Con data do 27 de abril de 2022 asinouse o convenio de colaboración entre a USC e a Axencia de Turismo de Galicia para o desenvolvemento da cátedra institucional de hidroloxía médica da USC que remata a súa vixencia o 31 de decembro de 2025.

Quinto.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, consciente da importancia desta oferta educativa superior e do esforzo, tamén económico, que supón o desenvolvemento con altos niveis de calidade, acorda apoiar mediante unha axuda directa ao desenvolvemento da Cátedra institucional de Hidroloxía Médica da USC.

Por parte da Axencia de Turismo de Galicia considerase axeitado, por razóns de interese público, colaborar economicamente na celebración da cátedra e o carácter único da entidade organizadora do mesmo xustifica a dificultade para promover a súa convocatoria pública segundo dispón o artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Sexto.- A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta articúlase a través de misións, sendo unha delas Galicia, Destino auténtico e diferencial. A análise do turismo galego identifica o termalismo como un dos recursos diferenciais cos que conta o territorio. A estratexia busca a consolidación do termalismo como un elemento diferencial do turismo galego, que contribúe á construción dun destino singular e auténtico,



baseado na cultura e nos recursos propios do territorio. A medida 1.6 de turismo termal ten entre as súas accións operativas establecer alianzas con entidades educativas (Universidades) e deportivas, de saúde e benestar para promover e poñer en valor o turismo termal fronte a outros colectivos.

Sétimo.- O Plan de Turismo Termal de Galicia 2025-2028, co obxectivo de propor un conxunto de accións estratéxicas que lle permitan a Galicia posicionarse como destino termal de excelencia, recolle como unha das fortalezas a oferta formativa e o recoñecemento académico, a existencia de programas formativos e unha Cátedra de Hidroloxía Médica, apoiando o desenvolvemento profesional do sector.

A continuidade do convenio da Cátedra de Hidroloxía Médica resulta imprescindible para garantir a estabilidade das liñas de investigación e formación que sustentan o Plan Termal de Galicia. A interrupción deste marco de colaboración comprometería elementos que son o eixo vertebrador da competitividade internacional de Galicia como destino termal. Polo tanto, a súa renovación xustifícase non só como unha medida de apoio académico, senón como un investimento estratéxico necesario para dar cumprimento aos obxectivos de calidade para o horizonte 2025-2028, asegurando que o termalismo siga sendo un motor de saúde e desenvolvemento económico sostible para a comunidade.

Oitavo.- Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover unha convocatoria pública, dada a especialidade do seu obxecto, xa que a Universidade de Santiago de Compostela é a única que pode realizar as actuacións obxecto deste convenio de colaboración, ao non existir en ningunha das universidades galegas unha cátedra semellante que promove a investigación nun sector clave para o desenvolvemento económico de Galicia, aos efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro



En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen o presente convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as condicións básicas de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Axencia de Turismo de Galicia para o axeitado desenvolvemento das actividades da cátedra institucional en Hidroloxía Médica.

As actividades desta cátedra estarán dirixidas ao seguinte:

- a) A realización de cursos, seminarios, conferencias e cantas actividades académicas redunden na difusión, o coñecemento e a práctica da Hidroloxía Médica que permita aos alumnos obter uns coñecementos básicos sobre as características das augas mineiromedicinais e as súas aplicacións terapéuticas.
- b) A promoción e organización de as actividades académicas que contribúan á facilitar a reflexión e o debate médico entre profesores e médicos de balnearios, co fin de acadar o seu mutuo enriquecemento intelectual e a mellora da súa formación médica e universitaria.
- c) Promover a investigación no campo da Hidroloxía Médica
- d) Favorecer a difusión e o coñecemento das investigacións realizadas mediante publicacións e outras accións de comunicación.

SEGUNDA. Obxectivos

1. Impartir docencia sobre Hidroloxía médica aos alumnos de medicina.
2. Promover a realización de investigacións sobre os efectos beneficiosos para a saúde da cura balnearia, e difundir os seus resultados entre a poboación.
3. Difundir o Vademecum das augas mineromedicinais de Galicia.



4. Promover o coñecemento e o uso racional das augas mineromedicinais entre a poboación e os profesionais sanitarios de Galicia.

TERCEIRA. Orzamento, gastos subvencionables

1. O orzamento estimado para levar a cabo as actividades de desenvolvemento da cátedra durante as anualidades 2026 e 2027 ascende a 45.000€/anualidade, cun orzamento total de 90.000€, que se distribúen do seguinte xeito:

Ano 2026

1. Gastos administrativos, material, gastos de xestión e persoal de apoio	1.300
2. Curso iniciación a balneoterapia dirixido a alumnos de Medicina	2.250
3. Seis Seminarios teórico-prácticos de fin de semana nos balnearios dirixidos a alumnos de Medicina	20.100
4. Ciclo: "A Saúde é o que importa" (dúas mesas redondas de difusión da importancia da balneoterapia dirixidas a poboación)	5.200
5. Seminario sobre Indicacións da balneoterapia no IV Ciclo da USC	2.300
6. Actividades investigadoras, publicacións e participación en congresos	4.350
7. Participación en TERMATALIA	2.500
8. Difusión das actividades da Cátedra nos medios de comunicación	4.000
9. Dirección e coordinación	3.000
TOTAL:	45.000

Ano 2027

1. Gastos administrativos, material, gastos de xestión e persoal de apoio	1.300
2. Curso iniciación a balneoterapia dirixido a alumnos de Medicina	2.250
3. Seis Seminarios teórico-prácticos de fin de semana nos balnearios dirixidos a alumnos de Medicina	20.100
4. Ciclo: "A Saúde é o que importa" (dúas mesas redondas de difusión da importancia da balneoterapia dirixidas a poboación)	5.200
5. Seminario sobre Indicacións da balneoterapia no IV Ciclo da USC	2.300



6.. Actividades investigadoras, publicacións e participación en congresos	4.350
7. Participación en TERMATALIA	2.500
8. Difusión das actividades da Cátedra nos medios de comunicación	4.000
9. Dirección e coordinación	3.000
TOTAL:	45.000

A Axencia de Turismo de Galicia realizará unha achega de 45.000€/ano, total de 90.000€ con cargo á aplicación 04 A2 761A 7440, proxecto 2015 00005 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o anos 2026 e 2027.

2. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2026 e ata a data límite de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En concreto, a achega económica da administración terá como finalidade o financiamento dos gastos de xestión para o desenvolvemento das actividades da cátedra, a remuneración do profesorado e conferenciantes, a compra de material, promoción, gastos protocolarios, mobilidade de alumnos e profesores, viaxes, aloxamento e manutención.

CUARTA. Dirección da Cátedra: estrutura e funcións

A Dirección da Cátedra estará constituída por:

Director/a da Cátedra que será nomeado/a polo reitor a proposta da Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais e oída a Comisión de Seguimento.

Unha co-dirección que será unha persoa de recoñecido prestixio, designada polo reitor a proposta da vicerreitor/a competente en materia de Cátedras Institucionais, coa iniciativa da Dirección da Cátedra, a Asociación Galega da Propiedade Balnearia e da Axencia de Turismo, de común acordo.



A duración da dirección e da co-dirección vincúlase ao período de vixencia do convenio, incluídas as prórrogas, podendo ser designados novamente no suposto de renovación do convenio ou ben cesar por decisión do reitor ou por renuncia aceptada deste.

Funcións da Dirección da Cátedra:

O/a director/a da Cátedra xestionará e dirixirá as actividades relacionadas co ámbito temático desta, atendendo ás directrices da Comisión de Seguimento e co apoio da persoa que ostente a co-dirección da Cátedra. Reunirase e organizarase de acordo cos seus propios criterios e necesidades, correspondéndolle as seguintes funcións.

a) A representación da Cátedra en cantas reunións, accións ou actividades o requiran.

b) A elaboración, organización, coordinación e o desenvolvemento da programación anual de actividades e proxectos propios da Cátedra, que previamente valide a Comisión de Seguimento.

c) A elaboración e xestión económica do orzamento anual necesario para levar a cabo as actividades programadas.

d) A remisión de información á Comisión de Seguimento de cantas accións, xestións ou actividades se leven a cabo.

e) A preparación anual da memoria de actividades e económica e presentala ante a Comisión de Seguimento.

f) Achegar á Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais os materiais divulgativos e publicitarios que se elaboren dentro do ámbito de actividade da Cátedra, unha vez revisados de que cumpran a normativa de imaxe corporativa.

g) Presentar perante a Axencia de Turismo de Galicia a Memoria anual de actividades e do estado e xustificación de gasto, segundo se establece na cláusula novena do presente convenio.



A subscripción deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Axencia de Turismo de Galicia ou a Xunta de Galicia. A Axencia de Turismo de Galicia, como entidade financeira das actividades da Cátedra e non responderán por responsabilidade directa, indirecta nin subsidiaria, palas actuacións de desenvolvemento das actividades da Cátedra.

No suposto que a Universidade contrate con terceiros deberá suxeitarse ao disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 20 14/23/UE e 20 14/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

QUINTA. Comisión de Seguimento da Cátedra

A efectos de favorecer unha comunicación fluída entre a USC, a Asociación Galega de Propiedade Balnearia e a Axencia de Turismo de Galicia, co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e mellorar a promoción e o seguimento das actividades e orzamentos que se desenvolvan dentro do ámbito de actuación da Cátedra, constituirase a Comisión de Seguimento formada por:

Pola USC:

- O/A Vicerreitor/a con competencias en Cátedras Institucionais, que presidirá as reunións desta Comisión.
- O/A Director/a da Cátedra

Pola Asociación Galega de Propiedade Balnearia

- Un representante designado pola Asociación Galega de Propiedade Balnearia.

Pola Axencia de Turismo de Galicia:

- Un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia pertencente á Área de Turismo Termal.

Actuará como Secretario/a da Comisión o Director/a da Cátedra. Dita Comisión reunirase, como mínimo, dúas veces ó ano.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento:

- Validar a programación de actividades da Cátedra, para cada unha das anualidades.



- Recibir información puntual sobre a marcha das actividades e proxectos programados.
- A revisión, avaliación e aprobación da memoria anual de actividades e proxectos da Cátedra.
- A revisión, avaliación e aprobación da memoria económica anual de actividades da Cátedra.
- A autorización e establecemento das condicións de intervención doutras entidades que queiran colaborar na realización desas actividades.
- Deliberar sobre calquera cuestión que poida xurdir relacionada coa Cátedra.

Os acordos na comisión alcanzaranse por consenso de todos os membros, e en todo o non establecido no convenio aplicarase o réxime que para os órganos colexiados se establece na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico sector público.

Correspóndelle á Vicerreitoría con competencias na materia presentar ante o Consello de Goberno da USC a memoria económica e de actividades anuais da Cátedra.

En todo caso, en relación á subvención concedida, a Axencia de Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administra

SEXTA.- Compromisos das partes para a execución das actividades da cátedra

A **USC**, proporcionará o espazo físico, de uso non necesariamente exclusivo, e os medios materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades da Cátedra, con sede na Facultade de Medicina e Odontoloxía, ademais do cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a realizar todas as actividades necesarias para que o proxecto se desenvolva correctamente, comprometéndose a:

- Organizar e dirixir a cátedra.



- Executar o orzamento previsto na cláusula terceira.
- Facer constar a cooperación da Axencia de Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre a cátedra, tanto nos medios de comunicación como no material informativo e pedagóxico que se puidera distribuír (folletos, publicacións de demais documentación).
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia, incluír a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027 e a marca "Galicia Calidade" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>
- No suposto que a Universidade contrate con terceiros deberá suxeitarse ao disposto na normativa de contratos do sector público.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de



beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

A Asociación Galega de Propiedade Balnearia, poñerá a disposición, a través dos seus establecementos asociados, segundo a súa dispoñibilidade, os espazos necesarios para o desenvolvemento das actividades da Cátedra.

SÉTIMA. Xustificación e pagamento

1º.- A achega da Axencia de Turismo de Galicia será librada, previa presentación da xustificación da execución das actividades subvencionadas de acordo coa modalidade de conta xustificativa, de conformidade co artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e co artigo 48 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterá a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue segundo un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.



- b) Ao tratarse dunha subvención concedida a unha Universidade, certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de conformidade co artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), agás naqueles casos en que as bases reguladoras da subvención previsen a súa compensación mediante un tanto global sen necesidade de xustificación.
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere necesaria en relación coa xustificación do Convenio.

2º.- O prazo para xustificar as anualidades 2026 e 2027 por parte da USC da aplicación dos fondos percibidos remata o **2 de novembro de cada unha das citadas anualidades**. Á xustificación presentada no ano 2027 poderán imputarse os gastos devindicados dende o 3 de novembro do ano anterior e ata esta data límite.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>)

De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, a Axencia de Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.



A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula terceira, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

3º. De conformidade co artigo 11.e) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Universidade poderá substituír por declaración responsable a obriga de presentar a certificación prevista no artigo 10 do antedito regulamento, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

4º.- Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

5º.- De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

OITAVA. Pagamentos a conta e anticipados

Segundo se establece no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, poderanse realizar **pagamentos anticipados**, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto



deste convenio realizadas nas diferentes anualidades por un importe máximo do 50% de cada anualidade, de conformidade co disposto no artigo 63.3 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Coa solicitude de anticipo, a USC terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Así mesmo poderanse realizar pagos a conta. Os ditos pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non serán superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no artigo 62.2 do citado Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Para proceder ao seu pagamento, USC deberá enviar a documentación xustificativa prevista na cláusula anterior. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

A USC está exenta da obriga de prestar garantías para os pagamentos a conta e anticipados, de conformidade co disposto no artigo 65.4.c) do citado Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

NOVENA. Reintegro da subvención

A USC terá a obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia de Turismo de Galicia en relación coa xustificación do Convenio, e pola Intervención Xeral da



Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

DÉCIMA. Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). A Axencia Galega de Infraestruturas e a Axencia de Turismo de Galicia publicarán no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. Protección de datos persoais



As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

DÉCIMO SEGUNDA. Réxime xurídico

O convenio, que está suxeito ao disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente convenio, e non solventadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común



das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa que sexa de aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, ademais do incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan:

- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste convenio.
- Transcurso do tempo de vixencia estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- As causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En calquera suposto de resolución anticipada, as partes comprométense a continuar as actividades en curso ata a súa finalización.

DÉCIMO CUARTA. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación



(persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO QUINTA. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2027.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento na data da súa sinatura dixital.

